

PLAN DE BENESTAR

EMOCIONAL

IES DE ORTIGUEIRA

Datos do centro

Código	Denominación
15020544	IES de Ortigueira

Enderezo		C.P.
Avenida da Constitución s/n		15330
Localidade	Concello	Provincia
Ortigueira	Ortigueira	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
881 930 407	ies.ortigueira@edu.xunta.gal	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/iesortigueira/		

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
ANÁLISE DO CONTEXTO	7
OBXECTIVOS E INDICADORES	11
TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	13
RECURSOS	14
METODOLOXÍA	15
PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN	16

INTRODUCCIÓN

Desde a Convención dos Dereitos do Neno (1989) son moitos os avances conseguidos en materia de dereitos da infancia e no recoñecemento da necesidade de establecer contornas que protexan aos menores da explotación, dos malos tratos e da violencia. No seu artigo 29, a Convención establece que a educación debe orientarse ao desenvolvemento da personalidade, aptitudes e a capacidade mental e física dos/as estudantes.

A Lei Orgánica 2/2006, de Educación, sinalaba que as sociedades actuais son conscientes da importancia da educación para o benestar individual e colectivo. Na mesma liña, a OMS considera aos centros educativos como institucións privilexiadas para o benestar das nenas e nenos. Así pois, a escola é fundamental para o benestar do alumnado pero, ao mesmo tempo, o benestar é necesario para a aprendizaxe. Tal e como se recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, “*sen un bo clima de aula e sen cohesión de grupo, o proceso de ensino e aprendizaxe complicase*”.

O benestar é un concepto amplo que vai máis aló da experiencia subxectiva de sentirse en harmonía e tranquilidade, xa que tamén implica a experiencia de satisfacción persoal ao ser quen de afrontar as dificultades e superar de xeito adaptativo as dificultades do noso día a día. Rafael Bisquerra (2003) define a *Educación Emocional* como un proceso educativo, continuo e permanente que busca o desenvolvemento das competencias emocionais como elemento esencial do desenvolvemento humano, coa finalidade de capacitar para a vida e aumentar o benestar persoal e social. As competencias emocionais, segundo este autor, son:

- Conciencia emocional: capacidade para tomar conciencia das propias emocións e das demais persoas.
- Regulación emocional: capacidade para manexar as emocións de forma apropiada.

- Autonomía persoal: conxunto de características e elementos relacionados coa autoxestión persoal como a autoestima, actitude positiva diante da vida, responsabilidade, capacidade para analizar criticamente as normas sociais, capacidade para buscar axuda e recursos, así como a autoeficacia emocional, intelixencia interpersonal...
- Competencia social: capacidade para manter boas relacións con outras persoas.
- Habilidades de vida e benestar: capacidade para adoptar comportamentos apropiados e responsables para afrontar satisfactoriamente os desafíos diarios da vida.

O benestar emocional garda unha estreita relación coa competencia persoal, social e de aprender a aprender. Segundo o Real Decreto 217/22, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO, esta competencia implica:

“a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.”

Esta competencia debe traballarse, tanto de xeito transversal nas distintas materias, como de forma lonxitudinal ao longo das etapas. Nos decretos que recollen os currículos da ESO (Decreto 156/22, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.) e do Bacharelato (Decreto 157/22, do 15 de setembro, polo

que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.) se establece que nas distintas materias se traballará a educación emocional e en valores, a educación para a paz e a non violencia, a educación en igualdade e o respecto e cooperación entre iguais. Na mesma liña, a Lei Orgánica 8/21, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte a violencia, recolle que todo o alumnado, con independencia da etapa que curse, recibirá, de forma transversal:

“unha educación que inclúa a súa participación, o respecto aos demais, á súa dignidade e os seus dereitos, especialmente daqueles menores que sufran especial vulnerabilidade pola súa condición de discapacidade ou dalgún trastorno do neurodesenvolvemento, a igualdade de xénero, a diversidade familiar, a adquisición de habilidades para a elección de estilos de vida saudables, incluíndo educación alimentaria e nutricional, e unha educación afectivo sexual, adaptada ao seu nivel madurativo e, no seu caso, discapacidade, orientada á aprendizaxe da prevención e evitación de toda forma de violencia e discriminación, co fin de axudarlles a recoñecela e reaccionar fronte á mesma.”

Na referida Lei de Protección da Infancia, no seu artigo 35, aparece por primeira vez a figura do Coordinador/a de Benestar e Protección. Na nosa Comunidade Autónoma esta figura recibiu o nome de Coordinador/a de Benestar e de Convivencia (Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia). No seu artigo 2, a Orde 23/8/23 establece que a persoa coordinadora de benestar e convivencia (CBC) será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. A CBC actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente, e en coordinación co Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.

Xunto co Equipo Directivo será encargado/a de:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da

consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

Pola súa banda, en coordinación co Departamento de Orientación, levará a cabo as seguintes funcións:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

As persoas CBC tamén colaborarán coas asociación de nais, pais e responsábeis legais do alumnado en todo aquilo que teña que ver coa promoción de plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

Todas estas actuacións aparecerán recollidas no Plan de Benestar e Convivencia, incluído, á súa vez, no Plan de Convivencia do Centro.

Así pois, este documento quere establecer o marco dos principios, obxectivos e actuacións que desde o IES de Ortigueira se van levar a cabo para contribuír á convivencia democrática e ao benestar de toda a comunidade educativa. Este Plan incorpora os principios do Proxecto Educativo que marcan a identidade do noso centro e tamén se relaciona con outros documentos do centro, como as NOF, o Plan de Convivencia, o Plan de Igualdade, o Plan de Acción Titorial ou o Plan de Hábitos de Vida Saudables, que se vai elaborar este curso.

ANÁLISE DO CONTEXTO

O centro conta con 273 alumnos/as, distribuídos nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO e FPB), Bacharelato, o Grao de Formación Profesional Dual de Grao Medio en Atención a Persoas en Situacións de Dependencia e o Grao Medio de FP en Carpintaría e Moble. Tamén impártense os cursos para a Formación Complementaria en Linguas Estranxeiras (CUALE). O centro ten dúas liñas, agás en 2º e 4º da ESO e na FP. As ratios roldan os 20-23 alumnos/as por clase, superando esta cifra en 4º de ESO con 27 alumnos/as e en 2º da ESO con 31.

O alumnado procede na súa maioría dos dous centros adscritos; CEIP José María Lage de Ortigueira e o CEIP Francisco López Estrada do Barqueiro. Amais, recibimos a alumnado sometido a medidas de protección e tutela na Escola Fogar María Inmaculada do Barqueiro.

O noso alumnado é diverso, observando distintos intereses, motivacións, estilos de aprendizaxe, personalidades, expectativas ou condicións sociofamiliares, entre outros. Temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de necesidades educativas especiais, altas capacidades, trastornos da atención e da aprendizaxe ou necesidades derivadas de incorporación tardía, vulnerabilidade socioeducativa ou por razón de condicións persoais e historia escolar.

O claustro está constituído por 35 docentes, dos que case a metade chegaron novos este curso. O clima de traballo é agradable, desenvolvéndose coordinacións

entre departamentos e contando cunha participación activa nas reunións do claustro.

As relacións entre os distintos membros da comunidade educativa son positivas. En termos xerais, os conflitos entre o alumnado teñen a súa base nunhas escasas habilidades comunicativas e de resolución de conflitos, así como nunha baixa autoestima.

O centro participa na convocatoria dos Contratos Programa Inclúe na que se enmarca o Coro Escolar; unha actividade que promove a inclusión e a igualdade de oportunidades entre o alumnado. Outros programas nos que participa o centro son: o Club de Ciencias, Polos Creativos, STEMBACH e o Plan de Formación Permanente do Profesorado, cos seguintes itinerarios: “Implementación do Plan dixital de centro”, “Escola de nais, pais e responsábeis do alumnado”, “Elaboración e implementación dun Plan de actividades físicas e hábitos saudables”, “Polos Creativos”, “A importancia do coidado e hixiene da voz e da hixiene postural á hora de impartir clase” e “A biblioteca actual como espazo de formación e de lecer”.

Con ánimo de coñecer a realidade do centro, realizouse unha análise DAFO cuxos resultados presentamos a continuación:

<p>FORTALEZAS:</p> <p>Ratios reducidas na maioría das clases.</p> <p>Boas relacións entre a comunidade educativa e entre o centro e os axentes da comunidade.</p> <p>Participación do profesorado en programas de innovación e formación.</p> <p>Sensibilización do profesorado coa importancia do benestar emocional do alumnado.</p> <p>Existencia de protocolos definidos no caso de condutas contrarias ás normas.</p> <p>Modelo de convivencia baseado na provención e a restauración.</p>	<p>DEBILIDADES:</p> <p>Mellorable formación do profesorado en educación emocional.</p> <p>Mellorable participación das familias nas actividades do centro.</p> <p>Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e con limitadas habilidades socioemocionais.</p> <p>Implicación desigual do profesorado na acción tutorial.</p> <p>Ratios elevadas nalgunhas clases.</p> <p>Uso abusivo das TIC por parte do alumnado.</p>
<p>OPORTUNIDADES:</p> <p>Existencia de convenios entre o Concello e asociacións para traballar a igualdade, a saúde, as habilidades socioemocionais...</p> <p>Coordinación cos servizos sociais e centros adscritos.</p>	<p>AMEAZAS:</p> <p>Falta de especialistas en materia de Saúde Mental no SERGAS.</p> <p>Dificultades na coordinación entre os servizos sanitarios e os centros educativos.</p> <p>Excesiva burocracia que resta operatividade aos protocolos e reduce o tempo dispoñible para a atención directa do alumnado.</p> <p>Limitadas alternativas de lecer na comunidade.</p>

Este DAFO axuda a identificar as necesidades do centro en materia de benestar e convivencia.

- Necesidade de mellora da convivencia e da cohesión escolar.
- Necesidade de reforzar as competencias emocionais do alumnado.

- Necesidade de reforzo da xestión da convivencia desde un enfoque restaurativo e participativo.
- Necesidade de adquisición de hábitos saudables e de autocontrol no uso das TICS e das redes sociais.
- Necesidade de mellora da participación e da comunicación asertiva coas familias.
- Necesidade de asesoramento ás familias sobre o desenvolvemento psicosocial e emocional dos seus fillos/as e de compartir pautas educativas.
- Necesidade de formación da comunidade educativa en competencias socioemocionais.
- Necesidade de coordinación cos servizos especializados en materia de benestar emocional.
- Necesidade de mellora do coidado emocional da comunidade educativa.

Na resposta ás necesidades identificadas asumiremos os seguintes principios xerais:

-Esfuerzo compartido: Entendemos a convivencia escolar como unha responsabilidade compartida sustentada nos valores de confianza, transparencia e proximidade. Ao mesmo tempo, asumimos unha perspectiva ecolóxica do desenvolvemento humano, na que os distintos contextos de socialización interaccionan e inflúen no alumnado. As intervencións deben centrarse nesas interaccións e non asumir ao alumnado como un axente illado. A coordinación, a colaboración e o traballo en rede serán piares fundamentais desta perspectiva, implicando a cada un dos axentes da comunidade educativa e dos ámbitos social, sanitario e cultural.

-Prevención: Este principio implica a adopción dunha actitude proactiva da comunidade educativa que permita adiantarnos á aparición das dificultades, ou minimizalas.

-Provencción: O enfoque proventivo ten como obxectivo preparar para xestionar os conflitos, proporcionando ferramentas para abordalos de xeito construtivo. A formación das persoas na provencción supón fortalecer nelas habilidades e

capacidades como a empatía, a solidariedade, a cooperación e a colaboración, a comunicación e a negociación, para que sexan quen de abordar os conflitos de xeito positivo.

-Individualización e atención á diversidade: Concibimos o alumnado como protagonista da educación para así favorecer o seu desenvolvemento integral, de maneira que poida lograr o máximo progreso a nivel persoal e académico. As actuacións axustaranse ás necesidades de cada quen.

-Coidado do benestar emocional de toda a comunidade educativa: É importante que o profesorado teña unha adecuada xestión das súas emocións para así axudar ao alumnado no manexo das súas.

-Promoción do bo trato aos menores como elemento central de todas as actuacións.

-A coeducación como estilo educativo: O estilo coeducativo implica educar desde e para a igualdade real entre mulleres e homes.

-Consideración do alumnado como o eixe central das nosas actuacións para incrementar o seu compromiso, e dicir, a súa conexión, participación e implicación no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

-Respecto mutuo e tolerancia cero co acoso escolar, o ciberacoso, a violencia de xénero e a LGTBIfobia.

OBXECTIVOS E INDICADORES

Partindo das necesidades identificadas e definidos os nosos principios de actuación, establecemos os nosos obxectivos de intervención. A nivel xeral, o noso obxectivo pasa por desenvolver a nivel de centro e aula actuacións que, en coordinación cos distintos axentes da comunidade educativa e da contorna, contribúan á convivencia positiva e ao benestar integral do alumnado.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

OBXECTIVOS	INDICADORES
Promover os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.	Redución do número de condutas contrarias ás normas. Cohesión grupal avaliada a través dun sociograma.
Facilitar a prevención, detección e resolución pacífica de conflitos.	Uso dun buzón habilitado para a comunicación anónima de incidencias. Redución do número de conflitos rexistrados.
Levar a cabo, desde as titorías e as materias, actuacións para o desenvolvemento das competencias emocionais necesarias para o benestar e convivencia democrática.	Mellora dos resultados en cuestionarios de habilidades socioemocionais. Rexistro das actividades levadas a cabo.
Sensibilizar ao alumnado sobre o uso crítico e positivo das TIC.	Participación en charlas e debates sobre a materia.
Promover a participación do alumnado e familias na vida do centro.	Rexistro de participación do alumnado e familias nas actividades do centro.

Desenvolver na Escola de nais/pais/responsábeis actuacións relacionadas coa convivencia positiva e o benestar.	Listaxe das actividades ofertadas. Rexistros de participación.
Promover a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.	Rexistro de actividades de formación, información e orientación levadas a cabo. Rexistro do profesorado participante.
Coordinación cos servizos sociocomunitarios na detección de necesidades e no desenvolvemento de actuacións que promovan o benestar da comunidade.	Número de comunicacións e propostas formuladas.
Inclusión do benestar e da convivencia positiva como obxectivo a traballar desde todos os programas e plans do centro.	Redacción dos plans e programas do centro.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

O presente plan comezará a súa implantación no curso 2023-24. A nivel xeral seguirase a seguinte secuenciación:

Accións	Temporalización	Responsables
Elaboración do Plan de Benestar e da súa concreción anual.	Setembro- outubro do 2023.	Coordinadora do benestar e da convivencia, incorporando achegas da comunidade educativa.
Aprobación do Plan de Benestar e da súa concreción anual.	Novembro do 2023.	Claustro.

Difusión do Plan de Benestar.	Todo o curso, especialmente novembro- decembro 2023.	Coordinadora do benestar e Equipo Directivo.
Desenvolvemento das medidas establecidas para a consecución dos obxectivos: charlas ao alumnado, aumento de canles de comunicación, actividades formativas para o profesorado e familias, revisión de documentos de centro dende unha perspectiva emocional e de convivencia, etc.	Ao longo de todo o curso.	Coordinadora de benestar, Equipo Directivo, titores/as, departamentos, claustro e axentes externos.
Revisión, avaliación do plan e propostas de mellora para a concreción do Plan do curso que vén.	Xuño 2024.	Coordinadora do Plan de Benestar e comisión de convivencia, recollendo información dos axentes da comunidade educativa e entidades participantes.

RECURSOS

Os recursos son os medios que permitirán o desenvolvemento das actuacións e o logro dos obxectivos.

Podemos identificar dous tipos de recursos: os internos e os externos. Os internos son os propios do centro que poden ser de catro tipos: humanos, arquitectónicos/materiais/TIC, organizativos e económicos (orçamento e axudas derivadas da participación en proxectos como os PFPP). Nos humanos incluímos a todos os membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias/responsábeis legais do alumnado, e persoal de administración e servizos (PAS). De xeito especial debemos sinalar o Equipo Directivo, a Coordinadora do

Benestar, a Comisión Convivencia, o Departamento de Orientación e o profesorado titor.

Os recursos arquitectónicos/materiais/TIC abranguen os espazos do centro (aulas, biblioteca, Polo Creativo, Salón de Actos...) recursos tecnolóxicos (aula virtual, ordenadores, impresoras-fotocopiadoras, proxectores, web do centro, redes sociais...), mobiliario e materiais de oficina funxíbeis (papeis, libretas, lapis, bolígrafos...) e non funxíbeis (tesoiras, grampadoras, arquivadores...). Cómpre sinalar os recursos dispoñíbeis no Polo Creativo e na Biblioteca.

Continuando cos recursos internos debemos destacar os de tipo organizativo, entendidos como tempos e espazos de reflexión, coordinación e toma de decisións, por exemplo: reunións do claustro, CCP, reunións de departamento, Consello Escolar, sesións de avaliación...

A nivel externo podemos destacar á Inspección Educativa, o CFR, a Unidade de Acompañamento e Orientación Familiar, servizos sociais do Concello, ASPROMOR, o CIM, a biblioteca municipal, o centro de menores, o centro de saúde da vila, a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil de Ferrol, o centro adscrito, ou a propia vila como espazo de aprendizaxe.

METODOLOXÍA

Segundo a lexislación actual que determina os currículos das etapas educativas, os centros, no marco da súa autonomía, deben desenvolver e impulsar os principios, obxectivos e metodoloxías dunha aprendizaxe competencial. Aos efectos deste plan centrarémonos no desenvolvemento da Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender a través dunha metodoloxía activa (“aprender a convivir”: exploración, descubrimento, ensaio, pensamento...) , inclusiva e cooperativa. Empregamos metodoloxías diversas que teñen en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que promoven o traballo en equipo, favorecen a capacidade de aprender por si mesmos e desenvolven as habilidades necesarias que lle permitan seguir

aprendendo a convivir. Combinamos as actividades individuais e as interactivas ou cooperativas. Estas últimas permiten unha construción compartida do coñecemento a través do intercambio de ideas entre o alumnado e serven para o adestramento das habilidades sociais.

Optamos por aquelas metodoloxías que axuden ao alumnado a comprender o que aprende, que saiba para que o aprende e que sexa capaz de utilizar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula. O papel do profesorado é o de guía na construción das aprendizaxes e na creación de climas de relación interpersoal onde as emocións do alumnado teñan protagonismo e se podan poñer en práctica estratexias de resolución de conflitos. Exemplos destas metodoloxías son: a aprendizaxe-servizo, titoría entre iguais ou a aprendizaxe cooperativa.

Na xestión da convivencia incorporaremos os principios, técnicas e características das prácticas restaurativas. Este enfoque restaurativo implica:

- Asumir que os comportamentos inadecuados do alumnado afectan ás relacións entre os membros da comunidade educativa e, polo tanto, da convivencia. Cando estes comportamentos teñen lugar, as actuacións deben dirixirse a asumir a responsabilidade dos feitos, reparar os danos, restaurar o clima de convivencia e buscar a reconciliación entre as partes en conflito.

- A familia ten a responsabilidade de apoiar a reintegración do estudante ofensor dentro da comunidade educativa (proceso de reintegración).

- Os dereitos e necesidades de todas as partes en conflito, e especialmente da vítima, son tomados en conta. As vítimas teñen a oportunidade de expresar as súas necesidades e exixir a reparación do dano para sentirse recoñecidas e poder seguir coa súa vida con tranquilidade.

- É importante coñecer tanto o que aconteceu como as súas causas e actuacións futuras para que non volva a suceder.

Entre as técnicas das prácticas restaurativas atopamos a escoita, as declaracións afectivas, as preguntas afectivas ou os círculos e reunións restaurativas.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

A información é a base da avaliación, é por iso que debemos asegurar que as fontes sexan fiábeis e válidas para que os datos sexan útiles. Empregaranse diferentes fontes de información e tamén distintos instrumentos para triangular os datos e conseguir unha visión panorámica e profunda dos distintos momentos de aplicación do Plan e do seu resultado. A avaliación do Plan será criterial e interna, desenvolvida polas propias persoas implicadas nel, combinando a autoavaliación, a heteroavaliación e a coavaliación.

Os criterios de avaliación a considerar son:

- Cohesión grupal.
- Nivel de conflictividade.
- Satisfacción co Plan.
- Participación nas actividades.
- Nivel de cumprimento das actividades.
- Competencias socioemocionais do alumnado.

No mes de setembro propoñemos a análise do deseño Plan, relacionada coa avaliación do contexto e das necesidades. Unha vez posto en marcha o Plan é momento de avaliar a súa aplicación coa finalidade de procurar a mellora instantánea do Plan. Será necesario recoller información sobre os criterios de: consecución parcial dos obxectivos, desenvolvemento e adecuación das actividades, adecuación da temporalización, suficiencia de recursos, entre outros aspectos. No mes de xuño, é o tempo de avaliar os resultados acadados, a satisfacción e a participación.

En canto os instrumentos de avaliación destacamos os rexistros (de asistencia e de actividades realizadas) , os sociogramas, cuestionarios (pretest e postest) e escalas de valoración do grao de satisfacción coas actividades, recursos, temporalización....

As conclusións da avaliación concretaranse en propostas de mellora para o curso que vén e servirá para identificar boas prácticas que se difundirán entre a comunidade educativa e a contorna.